

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e dezaioito minutos do día vinte catro de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Don Ricardo Martínez Chantada  
Don Roberto José Álvarez Carrero  
Dona Sandra Bastos Míguez, en substitución de Dona Luisa María Sánchez Méndez  
Don Rafael Domínguez Artime  
Don Jorge Cubela López  
Dona María Pilar Ramallo Vázquez  
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso  
Dona María Nava Castro Domínguez  
Don Jesús Vázquez Almuiña  
Dona Ana Laura Iglesias González  
Don Carlos Gómez Prado  
Dona Digna Rosa Rivas Gómez  
Don Paco Ferreira González  
Don Gregorio Luis Agís Gómez  
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez  
Dona Beatriz Lomba Rodríguez  
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidente da Comisión Informativa Dona Ricardo Martínez Chantada, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sr. presidente, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 20 de decembro de 2024 (**Exp. 2023057882**).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte de decembro de dous mil vinte e catro.

2. Ditaminar a aprobación da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor (**Expte. 2025003029**).



Con carácter previo, a voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, indica que o documento do expediente "02\_Dilixencia Axenda Urbana sen contido economico.pdf" non está asinado.

O secretario da Comisión indica que o documento está asinado electronicamente sen firma visible como pode ser verificado no panel de firma do visor PDF ao abrir o documento.

Entrando a valorar o asunto obxecto de ditame, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital a seguinte proposta de acordo antes da súa elevación ao Pleno:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

*A Axenda Urbana Española, tomada en consideración polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019, é a folla de roteiro que vai marcar a estratexia e as accións para levar a cabo ata 2030, para facer dos nosos pobos e cidades ámbitos de convivencia amables, acolledores, saudables e concienciados. Esta elabórase para cumprir os compromisos adquiridos por España en varios acordos internacionais: a Axenda para o Desenvolvemento Sostible 2030, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.*

*Esta Axenda é unha política nacional urbana que incide no territorial e no urbano cunha visión global, integrada e continuada no tempo. Tamén é unha política panca con capacidade de acelerar a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e, en particular, o ODS 11 sobre cidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes. E, por último, é ademais unha guía metodolóxica para que todos os actores, públicos ou privados que interveñen nas cidades, e especialmente as Administracións Locais, poidan elaborar os seus propios plans de acción e implementación.*

*O principal beneficio que achega a Axenda é a capacidade de ordenar a toma de decisións cunha visión estratéxica de maneira que todas elas sexan coherentes, sistemáticas, integradas e baseadas na coordinación e cooperación de todas as áreas das Entidades Locais, e co resto das administracións e axentes involucrados.*

*Trátase de contar con estratexias globais que teñan en conta factores sociais, económicos, territoriais e ambientais, baixo o prisma da sustentabilidade.*



## NORMATIVA APLICABLE

*Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*

*Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

*PRIMEIRO.- No marco do período de programación de fondos 2021-2027 existiu unha negociación a nivel estatal e no seo da UE para que se teña en conta a existencia dos Plans de Acción da Axenda Urbana nas posibles novas convocatorias, en particular no relativo ás axudas para as Estratexias de Desenvolvemento Urbano Integrado, ao amparo do Obxectivo Específico RSO5.1. Promover un desenvolvemento social, económico, medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade nas zonas urbanas do Programa Plurirrexional de España FEDER (POPE) 2021-2027.*

*SEGUNDO.- A Deputación de Pontevedra coñecedora do escenario de financiamento e anticipándose a esta convocatoria de axudas que requiriría dispoñer de Axenda urbana para optar ao financiamento, encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra. A Área Funcional Baiona-Gondomar-Nigrán acadou a maior puntuación destacando por unha marcada continuidade urbana, a presenza de relevantes equipamentos e servizos compartidos, así como unha sólida rede de vías estruturantes. Este área funcional réxese como un núcleo central de actividade económica e mobilidade, evidenciando unha integración profunda e sinerxías supramunicipais que a fan constituírse como un área funcional acorde coa definición sinalada no Obxectivo RSO5.1 do POPE. Así pois, procedeuse á elaboración da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor que foi realizada durante os meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2024.*

*TERCEIRO.- A Orde HAC/1072/2024, do 2 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do Desenvolvemento Urbano Sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, establece no seu artigo 10 que os Plan de Actuación Integrados obxecto de financiación deberán estar enmarcados nunha Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (EDIL), e que terán esta consideración as Axenda Urbana desenvolvidos baixo a metodoloxía da Axenda Urbana Española. A fin de contar cos compromisos das corporacións locais con ditas estratexias, estas deben ser aprobadas polos órganos de representación das entidades locais.*



*CUARTO.- Neste senso, a Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor, elaborada seguindo a metodoloxía da Axenda Urbana Española, foi aprobada polo Pleno do Concello de Baiona do 23 de xullo de 2024, polo Pleno do Concello de Gondomar do 14 de agosto de 2024 e polo Pleno do Concello de Nigrán do 6 de Agosto de 2024.*

*Esta Axenda será a guía para o desenvolvemento das políticas locais desenvolvidas no conxunto de Área Funcional, así como o marco, no cal se desenvolva o Plan de Actuación Integrado referido na Orde anteriormente citada.*

*En consecuencia, dada a importancia que representa para a Área Funcional do Val Miñor dispoñer dunha Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local para presentar a convocatoria da citada Orde, procede a aprobación da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor co Código Seguro de Verificación (CSV): DMAPKBEETDMJ4L8J.*

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto a conclusión a cal chega, no exercicio das competencias recollidas na LRBRL, no ROFRXEL e demais normativa de aplicación, e vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención sométese ao ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital a "aprobación da Axenda Urbana da Área Funcional do Val Miñor co Código Seguro de Verificación (CSV): DMAPKBEETDMJ4L8J".

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, ditamina favorablemente coa seguinte distribución de votos.

1. Votos a favor: (15), sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) e do grupo provincial do PSG-PSOE.
2. Votos en contra: (0), ningún.
3. Abstencións: (2), dous do grupo provincial do BNG.
  3. Dar conta da solicitude do Concello de Vilanova de Arousa, manifestando o seu interese na adhesión ao "Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica" (Expte 2025002174).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

4. Rogos e preguntas.

Non se formularon.



E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte tres minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. O PRESIDENTE

